

LINGUA GALEGA E LITERATURA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2º e 4º ESO

**IESP PEDRA DA AGUIA
A PONTE DO PORTO (CAMARIÑAS)
CURSO 2022-2023**

PROFESORAS DO DEPARTAMENTO:

CARME FERNÁNDEZ GARCÍA

MARÍA DURO SANTOS

ÍNDICE

1. **INTRODUCCIÓN.** (páx. 4)
2. **CONTEXTUALIZACIÓN.** (páx. 5)
 - 2.1. Situación actual da etapa
 - 2.2. Características do alumnado.
3. **PROXECTO CURRICULAR.** (páx. 6)
 - 3.1. A metodoloxía
 - 3.2. A avaliación: Procedementos para a avaliación inicial
 - 3.3. Programación da educación en valores
 - 3.4. Medidas de atención á diversidade
 - 3.5. Accións de contribución ao plan de convivencia
4. **ÁREA DE LINGUA E LITERATURA.** (páx. 10)
5. **OBXECTIVOS, CONTIDOS E AVALIACIÓN (CRITERIOS PROCEDUREMOTOS E INSTRUMENTOS) EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BASE. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.** (páx. 11)
 - 5.1. Obxectivos específicos para 2º de ESO
 - 5.2. Obxectivos específicos para 4º de ESO
6. **ESTÁNDARES MÍNIMOS DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN E INSTRUMENTOS E PROCEDUREMOTOS DE AVALIACIÓN.** (páx. 17)
 - 6.1. 2º ESO (páx. 36)
 - 6.2. 4º ESO (páx. 63)
7. **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS** (páx. 48)
8. **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** (páx. 50)
9. **ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR** (páx. 53)
10. **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS** (páx. 54)
11. **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS** (páx. 54)

12. MATERIAS PENDENTES (páx. 55)

- 12.1. Procedementos para a cualificación das materias pendentes e a nota final.
- 12.2. Programas específicos para o alumnado repetidor.

13. AVALIACIÓN DO PROCESO EDUCATIVO (páx. 56)

- Procedementos para avaliar o proceso educativo.
- Procedementos para avaliar a propia programación.

14. ANEXOS (páx.58)

- Rúbricas

1. INTRODUCCIÓN.

O artigo 6 bis da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, establece que lle corresponde ao Estado fixar os aspectos básicos do currículo en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire a dita Lei.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, a desenvolvan.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE), modificou distintos aspectos da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, coa finalidade de desenvolver medidas para a mellora da educación. Na nova lei, defínese o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino aprendizaxe. Este está integrado polos obxectivos, as competencias (capacidade para aplicar os contidos e lograr a realización das actividades), os contidos (conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro de obxectivos), a metodoloxía didáctica (descrición das prácticas docentes e da organización do traballo), os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis, e os criterios de avaliación.

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre competencias clave para a aprendizaxe permanente, no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, incorpórase a clasificación e denominación das competencias definidas pola Unión Europea. Considérase que as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

Este decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino aprendizaxe. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outras componentes sociais e de comportamento que se movilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Polo tanto, as competencias considéranse como coñecemento na práctica.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Para iso precísase unha visión interdisciplinar do ensino.

O 29 de decembro de 2020 as Cortes aprobaron unha nova lei de educación co obxectivo de actualizar o marco normativo: LOMLOE (Lei Orgánica de modificación da LOE)

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2.1. Situación actual de etapa

Considérase a ESO unha etapa que persegue que os alumnos acaden, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Conseguir aprender a aprender.
- Adquirir a motivación suficiente para seguir aprendendo.
- Incorporar á súa maneira de ser unha serie de valores éticos e humanísticos que lles permita traballar solidariamente nunha sociedade máis xusta.
- A incorporación dalgúns deles ó mundo laboral ó finalizar a etapa.

O obxectivo prioritario desta etapa é preparar ós adolescentes para ser futuros cidadáns dunha sociedade democrática e tecnoloxicamente avanzada.

A ordenación e organización da ESO está condicionada pola súa dobre intencionalidade:

a) Procurar que os rapaces asimilen criticamente os elementos culturais básicos do seu tempo, preparándose para desempeñar os seus deberes e exercer os seus dereitos na sociedade actual.

b) Facilitar as bases que permitan unha formación posterior, a través do Bacharelato ou da Educación Técnico-Profesional.

A ESO, se ben adquire un valor terminal claro, conleva, ó mesmo tempo, un valor preparatorio, por canto debe asegurar ós alumnos o paso á Educación Postobrigatoria sen ningún tipo de discriminación.

2.2. Características do alumnado

O IES Plurilingüe Pedra da Aguiña está situado na localidade da Ponte do Porto, no Concello de Camariñas. Camariñas é un concello costeiro, situado no corazón da Costa da Morte, e que ademais pertence á comarca de Terra de Soneira. A Costa da Morte é unha zona de nivel socioeconómico medio-baixo, con moi escaso tecido industrial e cun problema xa vello: as malas comunicacións co resto de Galicia, que dificultan, en boa medida, o desenvolvemento económico e a dinamización das oportunidades da vida cotiá.

O Instituto recibe alumnado procedente dos seguintes centros adscritos. Son tres: o CEIP Ponte do Porto, o CEIP O Areal e o CEIP de Camelle. Os nosos alumnos e alumnas cursan a oferta formativa da Educación Secundaria: 1.º ESO, 2.º ESO, 3.º ESO e 4.º ESO.

O departamento de Lingua e literatura galega está formado por María Duro Santos (Xefa de Departamento), que impartirá 2º e 4º ESO, e por Carme Fernández, profesora que impartirá os cursos de 1º e 3º da ESO durante este curso académico.

Como características singulares da contorna, podemos facer fincapé no nivel socioeconómico antes mencionado, xa que este condiciona a vida de gran parte do alumnado. A principal actividade económica é o traballo no mar (pesca de baixura e marisqueo) nas localidades costeiras: Camariñas, Camelle, Arou e Santa Mariña. Nas demais localidades (Xaviña, Brea, O Allo, A Ponte do Porto, etc) a economía familiar complementase coa agricultura, o comercio, a construción, a artesanía do encaixe de bolillos e, sobre todo, a emigración. Todo isto fai que en moitas familias dos alumnos/as haxa membros dedicados ao mar, ou traballando fóra do país, especialmente en Suíza. Este feito da emigración, se ben supón un sustento económico para as economías domésticas, é unha barreira psicolóxica para unha parte do alumnado do noso centro, que non percibe un estímulo no ámbito local máis inmediato para valorar a cultura e a aprendizaxe a nivel académico.

Os usos lingüísticos do noso alumnado son moi favorables para a nosa materia, case a totalidade fala galego como primeira lingua en todos os ámbitos da súa vida. En cambio, a súa actitude cara á nosa lingua propia, caracterizada por unha falta de aprecio notable, requirirá un traballo arduo a través do uso de textos motivadores, modelos positivos e actividades que provoquen a reflexión do alumnado.

3. O PROXECTO CURRICULAR

3.1. A metodoloxía.

A metodoloxía, será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e colectivo, e basearase nas competencias (combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outras compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz). Este tipo de metodoloxía caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo, o seu carácter integral e a visión interdisciplinar do ensino.

3.2. A avaliación: procedementos para a avaliación inicial

É unha tarefa imprescindible nas tarefas docentes.

Desde unha concepción actualizada, a avaliación aparece como un instrumento ó servizo do proceso de ensino e aprendizaxe, integrada no quefacer diario da aula e do centro educativo. Ademais, debe ser o punto de referencia na adopción de decisións que afectan á intervención educativa, á mellora do proceso e ó establecemento de medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular.

Avaliarase aos alumnos tendo en conta os diferentes elementos do currículo. Os criterios de avaliación serán o elemento que permita valorar, tanto o grao de adquisición das competencias básicas como o de consecución dos distintos estándares de aprendizaxe.

Coa fin de garantir o dereito que asiste ao alumnado a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, os profesores informarán ao alumnado do que se vai estudar, de que e cando se vai avaliar e de como se vai cualificar.

Empregaranse como instrumentos de avaliación:

- Observación sistemática (10% da nota)
 - o Actividades realizadas na aula e na casa.
 - o Intervención do alumnado nas clases.
 - o Observación dos hábitos de traballo e das estratexias de estudo no manexo do material didáctico.
- Análise das producións dos alumnos: traballos orais, escritos e interdisciplinares individuais ou en grupo. (30% da nota)
- Probas específicas (obxectivas escritas) (60% da nota)

Procedementos para a realización da avaliación inicial:

Coa fin de coñecer as actitudes e coñecementos do alumnado na materia as primeiras semanas de curso realizaranse lecturas na aula, observación dos cadernos e unha proba escrita sobre coñecementos básicos do nivel que corresponda. Así mesmo tamén será conveniente revisar o expediente académico previo. A partir de aí, poderemos establecer unha idea xeral inicial aproximada que nos leve a tomar as medidas oportunas.

Tendo en consideración os resultados que proporcionen os anteditos medios procederíase á toma de decisións (todos estes acordos tomaranse na sesión de avaliación inicial que se programa desde a dirección ao comezo de cada curso escolar):

- Os alumnos con nivel por debaixo da media recibirán un reforzo naqueles puntos que máis o precisen durante o tempo que sexa necesario.
- Aos alumnos cun nivel moi por debaixo da media e con problemas de aprendizaxe faráselles unha ACS.

3.3. Programación da educación en valores.

Os obxectivos esenciais da educación actual non se limitan á formación cultural do seu alumnado, senón que inclúen, ademais, a formación cívico-ética dos alumnos en todos aqueles valores ós que aspira a sociedade. Por iso tamén se teñen en conta as actitudes, os valores e as normas que haberá que traballar desde o punto de vista educativo.

Os valores concíbense como o conxunto de contidos pertencentes a campos de coñecemento moi diversos, e deben ser abordados cun enfoque multidisciplinar que se aprecian de maneira integrada tanto nos obxectivos como nos contidos de todas as áreas e materias que conforman o currículo de ESO:

- Educación Moral e Cívica.
- Educación para a Paz, Solidariedade e os Dereitos Humanos.
- Educación para a Saúde.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Educación Ambiental.
- Educación afectivo-sexual.
- Educación do consumidor.
- Educación Vial.
- Educación para a Interculturalidade.
- Educación para o desenvolvemento.
- Educación para os Medios de Comunicación.

Estes contidos trataranse a partir das lecturas propostas no libro de textos e outras que poida achegar o profesor, e sempre que xurda o tema na aula. Así mesmo, temas como a educación para a paz, a educación para a igualdade...poderanse tratar a partir do contexto histórico no que se encadran as obras literarias ou de textos que traten temas de actualidade relacionados coa educación en valores. A educación para os medios de comunicación trataranse basicamente nas unidades relacionadas con dito tema.

Tratándose de temas transversais, trataranse na aula sempre que xurda a oportunidade, pero algúns temas serán tratados máis profundamente en determinados cursos:

2º ESO	Educación para a Paz, Solidariedade e os Dereitos Humanos. Educación Ambiental. Educación para a Interculturalidade
4º ESO	Educación para a igualdade entre os sexos.

	Educación do consumidor. Educación para os Medios de Comunicación
--	--

3.4. Medidas de atención á diversidade.

Medidas de atención á diversidade:

- Ordinarias:
 - Adaptación metodolóxica
 - O reforzo educativo
 - A optatividade
 - A orientación educativa e a integración escolar.
- Específicas:
 - Adaptacións curriculares
 - Programas de diversificación curricular (PDC)

Aínda non coñecemos todas as necesidades educativas do alumnado deste curso, polo que non se poderán especificar nesta programación. Feita a avaliación inicial, tomaranse as medidas oportunas.

O que si se pode adiantar, é que durante este curso haberá grupo de PDC en 3º ESO e que se continuarán as adaptacións curriculares comenzadas nos cursos anteriores.

3.5. Accións de contribución ao plan de convivencia.

Non só o RRI é un instrumento para a convivencia, senón que o diálogo e a insistencia no respecto e na tolerancia cara ás diferenzas é algo moi importante no centro.

Tamén se poñerá especial fincapé no contacto cos pais naqueles casos de alumnado con desenvolvemento académico irregular ou problemático.

4. ÁREA DE LINGUA E LITERATURA

A área de Lingua Galega e Literatura contribúe decididamente a desenvolver nos alumnos as *competencias* ou *capacidades* seguintes:

- Comprender discursos orais e escritos, recoñecendo as súas diferentes finalidades e as situacións de comunicación nas que se producen.

- Expresarse oralmente e por escrito con coherencia e corrección, de acordo coas diferentes finalidades e situacións comunicativas e adoptando un estilo expresivo propio.
- Utilizar os recursos expresivos, lingüísticos e non lingüísticos, nos intercambios comunicativos propios da relación directa con outras persoas.
- Utilizar a lingua como instrumento para a adquisición de novas aprendizaxes, para a comprensión e a análise da realidade, a fixación e o desenvolvemento do pensamento e a regulación da propia actividade.

Os alumnos posúen en todas as súas aprendizaxes unha serie de ideas previas. Na área de Lingua e Literatura o obxecto de estudo é a propia lingua. Isto fai que o alumnado parta, por un lado, dunha serie de coñecementos previos adquiridos a través da aprendizaxe e, por outro, dos que construíu como usuario.

A selección e organización dos contidos na etapa persegue que o alumnado prograse e se perfeccione de forma sistemática na súa competencia comunicativa e que, de forma simultánea, incrementamente progresivamente os seus coñecementos acerca da lingua, os sistemas de comunicación verbal e non verbal e a literatura.

As diversas destrezas e a súa concreción na comprensión e produción de distintos tipos e subtipos de textos, secuencianse para que accedan a distintos niveis de complexidade atendendo á madurez do alumnado, conforme ó seu desenvolvemento por idades e dentro, tamén, do mesmo grupo de idades.

Os contidos seleccionados e distribuídos por ciclos, cursos e unidades conforman unidades de comunicación, nas cales os contidos contribúen e facilitan o desenvolvemento de competencias, que se poden traducir en actitudes.

Tendo en conta estes aspectos, os principios metodolóxicos que fundamentan e animan o proceso de ensino-aprendizaxe na área de Lingua Galega e Literatura son os seguintes:

1.- *O ensino-aprendizaxe da lingua é comunicación.* Se este principio é válido para a educación en xeral, éo moito máis nunha área que ten como fin última o desenvolvemento da comprensión e a produción de textos.

2.- *O ensino da lingua implica a exercitación dos procesos cognitivos complexos:* comprensión e produción. Ó ser inseparables estes procesos da comunicación oral e escrita, a metodoloxía para a área propicia e necesita da realización de actividades moi vencelladas ó cognitivo: busca da idea central, xerarquización de ideas, organización lóxica do discurso.....

3.- *O ensino da lingua implica a extensión do concepto de competencia lingüística á pragmática.* A área debe proporcionar coñecementos sobre a propia lingua, pero tamén a capacidade para intervir no discurso e actuar con coñecemento das convencións pragmáticas.

4.- *O ensino da lingua debe fomentar a creatividade.* Existe unha estreita relación entre o cultivo da imaxinación e a creatividade e a aprendizaxe da Lingua e a Literatura. A resolución dos problemas que presenta a comunicación esixe estratexias de creatividade. Por outro lado, a literatura como expresión artística é un exercicio permanente de creatividade e de comprensión dos seus mecanismos.

5.- *O ensino da lingua debe adecuarse ó suxeito da aprendizaxe.* A metodoloxía debe axustarse ó desenvolvemento socio-afectivo, persoal e cognitivo do alumnado. Así, hanse de ter en conta os coñecementos e as destrezas que é capaz de adquirir conforme á súa idade e á proximidade e interese temático dos contidos co que han de exercitar as destrezas comunicativas.

6.- *O ensino da lingua debe fomentar o hábito de ler o o goce como lector.* O coñecemento, dominio e adquisición da lingua atopa na lectura un dos seus mellores instrumentos. Así é necesario animar e predispoñer o alumnado cara á lectura, adestrándoo na técnica lectora, e sobre todo transmitíndolle o gusto polo acto de ler. Tanto os textos que integran os materiais didácticos como o ensino da literatura deben dirixir os seus esforzos a tal fin.

7.- *O ensino da lingua require a reflexión sobre a lingua.* O dominio das destrezas básicas atopa na reflexión sobre a lingua un instrumento clave para a súa aprendizaxe e consolidación, ó mesmo tempo que permite o coñecemento dunha importante disciplina científica. A metodoloxía considera e prioriza esa reflexión co obxecto de facilitar e consolidar as destrezas básicas.

5. OBXECTIVOS, CONTIDOS E AVALIACIÓN (CRITERIOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS) EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BASE. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

5.1. Obxectivos específicos para 2º de ESO

B1. Comunicación oral. Falar e escoitar

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición

ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura no estudo da literatura.

- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

B2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura no estudo da literatura.

B3. Funcionamento da lingua

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura no estudo da literatura.

- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

B4. Lingua e sociedade

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura no estudo da literatura.

- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

B5. Educación literaria

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura no estudo da literatura.

- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

5.2. Obxectivos específicos para 4º de ESO

B1. Comunicación oral. Falar e escoitar

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura no estudo da literatura.

- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

B2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición

ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura no estudo da literatura.

B3. Funcionamento da lingua

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura no estudo da literatura.

- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

B4. Lingua e sociedade

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura no estudo da literatura.

- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

B5. Educación literaria

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura no estudo da literatura.

- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

6. ESTÁNDARES MÍNIMOS DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN E INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

6.1. 2º ESO

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
LG-B1.1	2º-LGB1.1.1 - Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).	Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Proba específica. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva.	CCL , CAA
LG-B1.1	2º-LGB1.1.2 - Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.	Traslada a información relevante de discursos orais a resumos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Diario de clase	CCL , CAA
LG-B1.2	2º-LGB1.2.1 - Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	Recoñece, o propósito e a idea xeral, en textos orais do ámbito social e educativo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Proba específica. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva.	CCL , CAA
LG-B1.2	2º-LGB1.2.2 - Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA
LG-B1.3	2º-LGB1.3.1 - Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC , CCL
LG-B1.3	2º-LGB1.3.2 - Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.	Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e da linguaxe non verbal.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL , CSC , CSI E
LG-B1.4	2º-LGB1.4.1 - Diferencia	Diferencia as ideas	X	X	X	PROCEDEMENTOS:	CCL

	as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.	principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa				Observación sistemática. Probas específicas INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva.	
LG-B1.4	2º-LGB1.4.2 - Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.	Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e atopa coincidencias e diferenzas			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas INSTRUMENTOS: Proba aberta	CCL , CAA , CSI EE
LG-B1.4	2º-LGB1.4.3 - Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.	Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos discriminatorios	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC , CAA
LG-B1.5	2º-LGB1.5.1 - Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.	Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta e recoñece os erros	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC , CAA
LG-B1.5	2º-LGB1.5.2 - Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.	Comprende e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA
LG-B1.5	2º-LGB1.5.3 - Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual.	Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL , CCE C
LG-B1.6	2º-LGB1.6.1 - Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL , CSC
LG-B1.6	2º-LGB1.6.2 - Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	Participa nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
LG-B1.6	2º-LGB1.6.3 - Emprega nas intervencións orais	Emprega nas intervencións orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CCL

	espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	espontáneas expresións propias do galego				INSTRUMENTOS: Diario de clase.	
LG-B1.6	2º-LGB1.6.4 - Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico variado.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
LG-B1.7	2º-LGB1.7.1 - Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CD, CAA, CSI EE
LG-B1.7	2º-LGB1.7.2 - Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.	Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase	CD, CCL, CSC
LG-B1.8	2º-LGB1.8.1 - Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.	Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos INSTRUMENTOS: Diario de clase. Asemblea	CCL, CSC
LG-B1.8	2º-LGB1.8.2 - Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL, CSC
LG-B1.9	2º-LGB1.8.3 - Expresa e compara con compañeiros/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.	Expresa a súa opinión sobre unha obra de lectura	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Proba específica. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva.	CSC, CAA
LG-B1.9	2º-LGB1.9.1 - Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática INSTRUMENTOS: Exposición dun tema. Diario de clase	CAA
LG-B1.9	2º-LGB1.9.2 - Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.	Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL, CSC, CSI EE
LG-B1.9	2º-LGB1.9.3 - Incorpora	Incorpora	X	X	X	PROCEDEMENTOS:	CCL

	progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua.	progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua.				Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	, CSC
LG-B1.9	2º-LGB1.9.4 - Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.	Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL , CAA
LG-B1.9	2º-LGB1.9.5 - Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castellanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	Recoñece erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castellanismos) e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática INSTRUMENTOS: Diario de clase	CAA CCL
LG-B1.10	2º-LGB1.10.1 - Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL , CSC , CSI EE, CCE C
LG-B1.10	2º-LGB1.10.2 - Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC , CSI EE
LG-B1.10	2º-LGB1.10.3 - Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.	Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL , CSC
LG-B1.10	2º-LGB1.10.4 - Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	Distingue entre discursos formais e espontáneos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL , CAA
LG-B2.1	2º-LGB2.1.1 - Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.	Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva.	CCL , CAA
LG-B2.1	2º-LGB2.1.2 - Busca o significado do léxico descoñecido a partir do	Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.	CCL , CAA

	contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.					INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva.	
LG-B2.1	2º-LGB2.1.3 - Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.	Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise produción dos alumnos. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Traballo de aplicación e síntese.	CCL
LG-B2.1	2º-LGB2.1.4 - Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos INSTRUMENTOS: Diario de clase. Textos escritos.	CCL
LG-B2.1	2º-LGB2.1.5 - Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.	Busca información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Textos escritos.	CCL , CAA
LG-B2.1	2º-LGB2.1.6 - Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL , CAA
LG-B2.2	2º-LGB2.2.1 - Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Traballo de aplicación e síntese.	CCL , CSC
LG-B2.2	2º-LGB2.2.2 - Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.	Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise produción dos alumnos. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Textos escritos.	CCL , CSC
LG-B2.2	2º-LGB2.2.3 - Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar.	Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL , CSC
LG-B2.3	2º-LGB2.3.1 - Comprende e interpreta textos propios dos medios de	Comprende e interpreta textos propios dos medios			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos.	CCL , CSC

	comunicación (noticias).	de comunicación (noticias).				INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Traballo de aplicación e síntese.	
LG-B2.3	2º-LGB2.3.2 - Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares.	Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas INSTRUMENTOS: Probas abertas	CCL
LG-B2.4	2º-LGB2.4.1 - Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos	X	X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Traballo de aplicación e síntese.	CCL , CD, CAA
LG-B2.4	2º-LGB2.4.2 - Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.	Identifica as características de textos expositivos de distintas materias	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas INSTRUMENTOS: Proba obxectiva	CCL
LG-B2.5	2º-LGB2.5.1 - Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.	Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise produción dos alumnos. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Textos escritos.	CCL , CAA
